REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXX • Nº 817 - Do 4 ao 17 de outubro de 2010



cooperantes, necesarios ou imprescindibles?

A foto que fala



A farmacia móbil. Un vendedor de pastillas leva medicinas nun de Porto Principe (Haití).

O trasno O lado escuro

Daniel López



En diversos medios vólvese falar dun asunto que debería causar a calquera católico "*xesuánico*" -isto é, dos que consideran que o realmente decisivo na Igrexa deberían ser a vida e as palabras do que inspirou o invento, pagándoo bastante caro- un sentimento de vergoña e cabreo. De novo as impenetrables finanzas do Vaticano están no punto de mira. E esta vez é a xustiza italiana a que investiga a dous directivos do famoso IOR por non aterse ás leis europeas contra o branqueo de capitais, leis que están pensadas, nada menos, que para poñerlle as cousas difíciles a narcotraficantes, mafiosos, traficantes de armas, terroristas e outras marabillas do universo.

Pero católicos *xesuánicos* débeche haber poucos. Predominan outros. Os católicos *igrexistas,* por exemplo, controlan moito e están mellor organizados. Para estes o decisivo é que a gran organización consolide posicións e domine, para o que todo vale. O mundo contra nós. Guerra! Utilizan ditos que fan referencia a aliarse co demo para ben da santa casa, sociedade perfecta ou arca de Noé -con algunha vía de auga. Mandan máis do que pensabamos, que xa non era pouco.

Hai máis: están os católicos *santeiros*, parecidos aos *virxinistas*, que, alentados polos *igrexistas*, foron reducindo isto da fe a un toma e daca, eu págoche, ti dásme. Que dexenerou en: eu pago ao comercial de negro e que el se encargue de tratar co seu xefe de arriba para que me amañe o meu (porque se non... boto uns cagamentos que baixo todos os santos, que o que paga, manda).

E por últimos están os católicos *cerimonistas,* que teñen ben claro que, para eles o quiosco serve para darlle color aos chamados "ritos de paso" e ben que lle chega: as flores no florista, as fotos no fotógrafo, a paparota no restaurante-spa e da cerimonia, previa consulta da tabela de prezos polo aluguer do templo, que se encargue don Crisanto.

Os *igrexistas*, que foron expulsando e arrecantando nas marxes os *xesuánicos*, non se decatan de que o mundo -que teñen por inimigo pero é o seu "obxectivo", pois mundo son os *santeiros*, os *virxinistas* e os *cerimonistas*- atura e perdoa case todo...menos a penumbra. Sonche cousas da mentalidade democrática e adulta. O mundo pode ser un capullo e deixarse manipular por medios e poderes, pero leva moi mal que non corra o aire, que non haxa luz, que se corran estúpidos veos. Así foi co dos abusos a menores. Así será co das finanzas vaticanas

Editorial O PAPA EN SANTIAGO. ASÍ, NON

Non é por falta de orixinalidade nin por unha especial preguiza pola que recorramos ao lema escolleito polos sindicatos para a folga xeral. "Así, non" é un posicionamento válido para reflexionar serenamente sobre a visita papal a Santiago. Nun contexto mediático que busca os titulares impactantes e foxe das opinións razoadas, cómpre que nos aclaremos entre ese "Benedito XVI, Camiño de Santiago", presentado como motor económico e reforzo espiritual nesta fin do Xacobeo e o "Eu nom te espero", cun manifesto contrario á visita que xa circula pola rede e cunhas bandeiras que cada vez se fan máis visibles nas xanelas da capital de Galicia.

A visita do Papa é un tema que nos incumbe, tanto coma cristiás coma cidadás galegas. En ambos os dous eidos poderemos atopar motivos para saudar unha visita papal, fronte a quen se opón radicalmente. Non debemos renunciar nunca a que nós somos Igrexa. Irimia é unha realidade eclesial que naceu na nosa terra e as/os súas membros son tan Igrexa coma o bispo de Ourense ou o Papa de Roma. A existencia da Igrexa como Institución -que nos marca unha referencia coa que definirnos-, e incluso o propio Papado e a súa presenza en Santiago poderían ser bos para reforzar a catolicidade (ou universalidade) do noso seguimento de Xesús. Isto non conleva acalar a nosa frontal crítica a esa estrutura xerárquica, clerical, machista e excluínte, que confunde universo con igrexa local de Roma, crítica que estendemos ó seu máximo representante, Bieito XVI.

Sermos Igrexa non implica acalar a crítica contra unha estrutura clerical e machista

E que podemos dicir coma galegas e galegos? Que se ben ninguén dubida da importancia económica do fenómeno da peregrinación e do xacobeo no noso país, "este anuncio de oito horas de duración", que en palabras do conselleiro Rueda vai supor a viaxe do Papa para o Xacobeo, ten que ser xestionado con criterios de transparencia, racionalidade e aconfesionalidade. Nin o propio goberno galego sabe canto vai gastar nin quen o vai pagar. Non debemos esquecer que a organización da Xornada Mundial da Familia, á que asistiu o Papa en Valencia, é unha das "operacións" polas que están imputadas os membros da trama Gürtel e altos cargos do goberno valenciano. E aí naceu este "Eu no te espero", que sen coñecer nada deste desvío de fondos públicos, xa se opuña a esta confusión permanente entre o poder público e os actos de exaltación da Igrexa xerárquica católica.

Que veña en novembro e que volva. Pero así non.

Rumores de esperanza


Xan Guillén

Hai uns días o grupiño de presión chamado Galicia Bilingüe, que naceu para levar ao PP ao poder e que agora, unha vez creado o monstro, non saben que facer con el, presentou un "informe" no cal, de xeito demagóxico, criticaban o labor da Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística.

Os que coñecemos esta Coordinadora sabemos do seu bo facer, tentando ser totalmente apolíticos e traballando só baixo a bandeira da lingua galega. Da gusto ver a súa páxina web ou ler os seus correos electrónicos e atopar boas ideas para normalizar tanta anormalidade lingüística. O traballo da coordinadora é un rumor silandeiro e efectivo coma calquera que fale de esperanza. Outros ornean utilizando os altofalantes das cavernas mediáticas.

De todos os xeitos o que máis me enorgullece da CGENDL é que no medio de tan boa xente haxa uns cantos compañeiros e compañeiras irimegos. Daba gusto escoitar a voz de Tina, firme, dicindo que eles non atendían delirios. A vosa campaña dicía: "orgullosos do noso, orgullosos do galego". Eu digo: Worgulloso do noso, orgulloso do galego e moi orgulloso de vós".

coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística









A peneira

1

A celebración das eleccións municipais en PERU permítenos denunciar as eivas sociais da poboación, sobre todo rural, contra as que loita o *Movemento Manuela Ramos para o Desenvolvemento*, creando microempresas que potencian os recursos. Así naceu a da artesá Rosa da Cruz, na foto. O mesmo ca cinco monxas galegas do Divino Mestre que traballan con outras 16 na zona máis pobre dos Andes, entregadas a máis de 10.000 nenos.

2

O libanés Amin Maalouf recibe o premio Principe de Asturias pola súa obra escrita a prol da conciliación nun mundo conflitivo. Na cultura islámica son os escritores uns dos perseguidos polo integrismo e a lectura totalitaria do Corán. Na foto, o escritor exipcio Naguib MAHFUZ, falecido no 2006, que fora condenado a morte por denunciar as raíces da violencia: a pobreza, o paro xuvenil, a corrupción... A súa narrativa transmite os saloucos da xente da rúa, a vida cotiá. O mellor recoñecemento que lles podemos facer é lelos.

3

O próximo 20 de outubro a USC organiza en Lugo o Congreso *"O camiño cara unha* VIDA LABORAL *segura e saudable"*. Cada 4 días morre un obreiro en accidente. Houbo 43.774 incidencias no traballo ou no camiño. Así, en 2 días dous labregos, un en Toén e outro en Sober, morreron a causa dun accidente co tractor. Só en Lugo morreron no 2009 seis con esta maquinaria, dun total de 17 traballadores mortos (133 en Galicia). Na foto, a solta de 17 globos negros na súa lembranza.

4

A FROTA PESQUEIRA teme a chegada do próximo día 24, porque o 60% (1.142 embarcacións) pode ser declarada ilegal por non regular a situación conforme unhas leis irracionais de Madrid. Perdéronse uns 1.500 empregos no mar en 2 anos. Son 24.199 traballadores (o 36% do total dos traballadores no Estado), dos cales un 30% son mulleres que sofren a crise das conserveiras. Existen 47,6 millóns de persoas traballando na pesca no mundo. Na foto, o monumento á pescantina en Foz.









Alfonso Blanco Torrado

5

Vai ter lugar en Redondela, o próximo día 2, o *1º Encontro de* SEMENTES. Está organizado pola Rede Galega para intercambio de hortícolas locais e antigas, froiteiras, de traballos na conservación de forestais autóctonas e usos tradicionais de plantas medicinais. Unha rede autoxestionada, non burocratizada, autoorganizada por zonas con persoas e asociacións, para crear a base de datos *on line* (tede@mundo-r.com), cun banco vivo. Asumen o compromiso de manter, polo menos, unha variedade.

6

O 4 de outubro van ter lugar as XI Xornadas Apícolas en Goente-As Pontes. Os pesticidas eliminan o 80% das abellas no Salnés ou Ferrolterra, e tocando á alimentación arriscan a saúde de labregos, gando e consumidores. Hai menos MEL: 1 millón de Kg., a metade que hai 10 anos. En 70.000 abelleiros (xa desapareceron 30.000) traballan 3.000 apicultores.

7

Solidariedade Galega co Pobo SAHARAUI, con centro en Vigo, volve intentar entrar neste país con observadores e axuda humanitaria. Mentres, os poderes de Madrid e Marrocos marxinan os saharauís no seu propio territorio ocupado e espoliado. Madrid segue a alimentar a ditadura marroquí e o desprezo polos dereitos de cidadáns e pobos. Na foto, unha manifestación de nenos/as saharauís a prol da autodeterminación que tivo lugar na Praza das Praterías.

8

Exportouse un 15% máis de GRANITO. Mais no 2009 facturaran 27% menos ca no ano anterior. Máis de 200 empresas crearon no Porriño un clúster de empresas graniteiras que contan con 6.500 obreiros e cun centro tecnolóxico. O sector graniteiro galego ocupa a 10.000 obreiros, o que sitúa á nosa terra como o 2º mercado europeo, despois de Italia, e o 5º mundial. Exportamos o 30% da produción (58.000 toneladas), sendo os principais destinos Turquía, Portugal ou Marrocos. Un dos que máis o valorou foi Antonio Palacios, do Porriño, na foto: o seu templo de Panxón -Nigrán, a carón doutro visigótico.

POLÍTICA 2011 será o peor ano

Pedro Pedrouzo Devesa



2011 será o peor ano para as administracións públicas. Con moita diferenza. Por desgraza é a primeira vez que o gasto público se enfrentará de verdade coa recesión económica que vivimos desde hai case tres anos. Ao principio non se quixo actuar e negouse a crise; despois salváronse as caídas dos ingresos recurrindo á débeda pública. Pero neste momento, nin sequera a débeda pública (nun incómodo ascenso) pode disfrazar a enorme caída de ingresos públicos que teñen as administracións (maquillados polo aumento do IVE e a anecdótica suba do IRPF nun ou dous puntos para as rendas máis altas).

Pasaron os tempos das rebaixas fiscais e da alegría no gasto público: non hai diñeiro. A Xunta enfróntase a un orzamento que en ingresos será como o de 2006, pero que en gastos de funcionamento e salarios é considerablemente maior ao dese ano. É dicir, cos mesmos cartos que en 2006 imos poder facer moito menos. Todo un avance.

É por iso que as administracións públicas teñen que facer un esforzo de adaptación, e para iso a máquina pública ten que centrarse no urxente e no importante. E en que consiste iso?

Durante moitos anos fomos creando numerosas áreas de gasto público, cada vez con máis persoal, e altos cargos con gabinetes dispostos a defender continuas subas nos seus orzamentos debido "*á fundamental contribución que estaban facendo ao benestar galego*". Creamos novas consellerías, novas secretarías xerais, novas direccións xerais, novos *chiringuitos*.

Bocata: as administracións públicas teñen que facer un esforzo de adaptación


En vez de facer unha economía adulta que fomentase as melloras na produtividade das nosas empresas, o que conseguimos foi facelas máis dependentes das administracións públicas. O abuso da contratación directa aos "nosos" lastrou e lastra a calidade das nosas empresas, máis preocupadas en facer labor de despacho público que de investigación. Os políticos queren que as empresas saiban perfectamente quen os contrata.

Galicia ten unha organización administrativa co volume dun país moito máis próspero do que realmente é. A bonanza económica, sumada ás inmensas sumas de diñeiro que aínda hoxe chegan de Europa, animaron aos nosos políticos a crear estruturas públicas non sempre necesarias, e que axudaron a misturar as ocurrencias co gasto realmente importante.

Os políticos e os funcionarios (goberno e administración) deben facer un novo pacto social cos cidadáns, que son os que pagan; convencelos (co seu traballo e non con propaganda) de que o seu labor é necesario para que unha sociedade creza en harmonía: porque os funcionarios son os que educan os cativos, os que sanan os pacientes, os que poñen (ou deberan poñer) as bridas aos políticos caciques. Non é unha ilusión, é unha necesidade. Porque se algunha vez se rompe ese idea, a democracia (*todos iguais ante a lei*) estará tocada irremediablemente, e de pouco valerá que reclamemos uns dereitos que a nosa estupidez (a dos políticos e a dos funcionarios) pode cargarse.

O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Querido Sanantón, ao celebrar estes días a festa de San Francisco recordei como deixaches as terras lusitanas abraiado polo exemplo daqueles fradiños pobres e mártires en terras do Islam. Quixeches morrer coma eles, pero un temporal levou o teu barco cara a Italia, preto do Santo, e para sempre. Moi poucos saben dos últimos anos de Francisco, apartado nos montes dunha orde xa moi institucionalizada, sufrindo e chorando ao mirar como todo ía por outro camiño.

Pero aquel camiño trouxo grandes santos e santas, algúns moi simpáticos e que non viñan mal neste tempo de crise.

Un dos máis "paveros" foi San José de Cupertino. Andou polo mundo –o de que andou é un dicir– hai case 400 anos. Seica era algo parviño e despistado e de primeiras non o quixeron en varios conventos. Porén foi un home de moita oración, tanto que mesmo entraba en éxtase e elevábase do chan. Isto chegou a crear grandes problemas para o resto dos frades, pois andaba en procesión aérea durante os oficios, despistando a o persoal dos rezos. Os frades, para evitar estes desprazamentos, pinchábano con agullas, arreábanlle con varas e ata lle arrimaban lume. Inútil, o santo permanecía en suspenso sen atender os fraternos aloumiños dos compañeiros. O milagre máis práctico do noso amigo foi cando axudou a 10 obreiros que non daban feito para levar unha gran cruz a un outeiro. O frei José colleu a cruz e, voando polos ceos, plantouna no cumio do monte. Se o chega a coñecer algún construtor.

Os da inquisición non porfiaban nestas afeccións aeronáuticas do noso santo e trasladábano dun convento a outro, pois só aterraba cando llo pedía o superior. Obediente si que era. Seguro que San Francisco miraba con simpatía a este frade sinxelo e voador naquel tempo en que Superman ou Spiderman quedaban moi lonxe e os cazadores non tiñan rifles coma agora.

O San José de Cupertino é patrón dos aviadores e astronautas. Non podía ser doutro xeito.

O CARRABOUXO por Xosé Lois





Para non perder o sur

Xosé Cuns Traba.
ALIANDO, Desenvolvemento e Cooperación

San cooperante. Reflexións sobre a figura da/o cooperante



A Cooperación galega visitan un proxecto de desenvolvemento no Salvador. Fonte: AGARESO

O 8 de setembro terase celebrado por cuarto ano consecutivo o Día do Cooperante. O goberno instaurou no 2006 este día para recoñecer o seu esforzo a prol das poboacións excluídas, a redistribución da riqueza ou o exercicio da cidadanía.

Unha realidade moi diversa, como reflicte a actualización do censo de cooperantes encargado pola Xunta de Galicia. A presenza de galegas (utilizar o xénero feminino é obrigado) en proxectos en terreo de institucións públicas, universidades, ONGD, institucións multilaterais, etc., dá conta dunha elevada profesionalidade e formación previa , salientando o éxito das iniciativas de formación na universidade galega ou dos programas de prácticas tanto en terreo como en institucións públicas de cooperación.

A riqueza do volume de actuacións desenvolvidas polos cooperantes non está a ser aproveitadas polas CC.AA., entre elas a galega

A cooperación supón unha riqueza en canto o volume de actuacións realizadas ou nos sectores e países onde se traballa, ademais de ser unha moi interesante saída profesional, malia cuxas sinerxías coas políticas de acción e presenza política e económica no exterior da gran maioría das Comunidades Autónomas, entre elas a galega, non están dabondo aproveitadas, coas oportunidades de desenvolvemento efectivo que en Galicia, e sobre todo nos países de destino se perden.

Unha riqueza que en moitas ocasións merece unha efectiva homenaxe e recoñecemento. Por aqueles profesionais que non se limitan a facer o seu traballo, senón que son unha lección de entrega, de superación das adversidades, de esforzo continuo por traballar con e para as persoas, de padecer e superar as infinitas dificultades que supón loitar contra a pobreza.

Pero unha homenaxe a toda unha profesión?

Non teño dúbida de que calquera de vostedes coñece a algunha persoa que non se limita a facer o seu traballo, senón que o intenta facer do mellor xeito posible, cun esforzo superior ao esixido, con principios morais ou éticos que trata de seguir con coherencia, cunha actitude de servizo continua. Por que non o Día do médico? Da traballadora social…? Dos e das coidadoras de persoas dependentes, voluntarios ou profesionais?

Do directivo de empresa? Do persoal funcionario? … Acaso nalgún deles a profesionalidade, a competencia profesional, a calidade no seu traballo son opcións que se toman por solidariedade?

Aínda que poida semellar algo blasfemo (e a palabra escríboa a propósito) permítanme dicir algo obvio. Ser cooperante é unha profesión, libremente escollida e libremente desenvolvida, que require unhas habilidades, unha capacidade de traballo e penso que cunha certa vocación, do mesmo xeito que en calquera outra. En moitas ocasións se desenvolve en contextos sociais e políticos complexos… como en tantas outras profesións. Nela conviven profesionais moi mal pagados e cunha elevada precariedade con outros con esaxerados soldos en institucións multilaterais, por exemplo. Na que hai excelentes profesionais pero tamén vividores e chapuzas. Como en calquera outro sitio. Adeus *glamour*.

Por que un Día do Cooperante entón? A Asociación Profesional de Cooperantes contesta con honestidade: porque permite falar non deles mesmos, senón de temas que preocupan á cidadanía española , como este ano a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Porque é un excelente medio para amosar a situación de pobreza e exclusión na que se atopan mais de 1.000 millóns de persoas no mundo por causas evitables, de que este segue a ser o noso principal problema como é un requisito ético imprescindible para cada un de nós a loita contra estas causas.

O cooperante: un medio para o desenvolvemento

Un medio, non un fin. Por desgraza, a cooperación é un sector como poucos outros no que ás veces se confunden estes conceptos, no que aspectos complexos e quizais inabarcables como loita contra as causas, actuación política, responsabilidade pública, etc., substitúense por termos difusos e un pouquiño dogmáticos como loita pola solidariedade, apolítica, representación da sociedade civil, 0,7 %, marco lóxico, etc., e onde as veces nos excedemos querendo converter en heroes aos que son persoas.

Confésolles que ata hai unha semana no canto deste parágrafo había outros dous nos que lanzándome por unha costa abaixo, reflexionaba sobre a alerxia á autocrítica no sector, a exaltación da vaidade, o noso pecado favorito, a sensación de crérmonos perdoados de antemán por estar facendo o ben, a cooperación de sofá (expresión de moitas cooperantes en terreo, por certo), o malgasto ou a escasa transparencia, etc., pero novas como a crítica ante as caravanas solidarias, a loita pola implantación dunha taxa sobre as transaccións financeiras con destino a programas de desenvolvemento ou a publicación do Censo de cooperantes, fanme voltar transitoriamente á ilusión.

Ilusióname recoñecer que si hai heroes, en Galicia e por todo o mundo. As persoas que realizan o seu labor en silencio, con humildade e desinterese. Entre as cooperantes hai moitas, pero entre as 483 misioneiras e misioneiros galegos hai moitas mais. Convén lembrar que a elas tamén se adica oficialmente o día do cooperante.

Esquecidas pola Igrexa oficial (ou mellor "parasitadas", repetindo a expresión de moitos e moitas delas), calquera que teña visitado proxectos de cooperación sabe do esforzo sobrehumano por compartir coa xente que sofre a súa loita por saír da pobreza, deixando atrás hai moitos anos un papel evanxelizador e compartindo cada vez máis principios (e ás veces incoherencias) da cooperación. Por iso cómpre felicitar ao goberno galego por incluír a misioneiros e misioneiras no Rexistro galego de cooperantes, convidando quizais a avanzar no que é un dos principais valores da cooperación, o de pelexar polo que une e non polo que separa.

> A cooperación é un sector onde ás veces se confunden os conceptos de medio e fin



O bispo Nicolás Castellanos, Premio Príncipe de Asturias da Concordia

Para non perder o sur

Unha achega ao concepto de cooperante

Fidel Martín
Director do Instituto de Estudos Sociais e Internacionais



A caravana de Barcelona Acció Solidaria reabriu o debate sobre o concepto de cooperante

O pasado 8 de setembro celebrouse en España o Día do Cooperante, como se ven facendo dende que en 2006 o Consello de Ministros aprobara por Real Decreto a conmemoración desta data, en recoñecemento ao labor dos cooperantes en todo o mundo. A razón da elección desta data concreta era salientar que, coma cooperantes, estas persoas traballan pola consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, 8 obxectivos subscritos por 189 xefes de Estado e de goberno nesa mesma data do ano 2000. Neste ano 2010, o termo de cooperante volveu ser obxecto de controversia polo secuestro das tres persoas colaboradoras de Barcelona Acció Solidaria. Por parte de todos os medios falouse durante os nove meses de cooperantes, cando realmente era voluntarios.

Ás veces definir a palabra cooperante resúltanos realmente moi complicado, pero o que debe quedar claro dende o principio é que un cooperante é un profesional, un asalariado que en lugar de traballar en territorio español desenvolve as súas tarefas profesionais nun país en vías de desenvolvemento. Esta é a teoría, porén, por extensión da palabra, acábase denominando cooperante a todos/as os que desenvolven actividades de cooperación nestes países, sen diferenciar se estamos falando de empregados de axencias e organismos internacionais, bolseiras/os ou simplemente voluntarias/os que colaboran en organizacións do sur. Pero o que de ningunha maneira podemos considerar cooperantes son figuras como as dos tres secuestrados, que empregando ferramentas doutros tempos como son as caravanas solidarias, caras pero indubidablemente con moita visibilidade para os seus financiadores, responden máis á satisfacción das súas propias necesidades.

> un cooperante é un profesional, un asalariado que desenvolve as súas tarefas profesionais nun país en vías de desenvolvemento

Pero ben é verdade que independentemente do termo empregado, o traballo dos nosos expatriados é cada vez máis relevante e valorado por parte da sociedade. Relevante, grazas ao desenvolvemento das novas tecnoloxías que nos permiten coñecer case a tempo real o seu traballo e valoralo, porque se algo move a estas persoas é un sentimento de solidariedade, sobre todo se temos en conta que pudendo desenvolver a súa carreira profesional nun mundo desenvolvido e competitivo elixiron traballar coas comunidades nos países do sur.

Este ano, aproveitando esta celebración,púxose en marcha en Galicia un rexistro de cooperantes galegas/os no exterior, para así poder ter unha ferramenta que ofreza datos fiables e actualizados sobre o conxunto dos galegos que realizan o seu traballo no ámbito da cooperación en países en vías de desenvolvemento. O resultado deste rexistro mostra que neste momento xa hai polo menos 102 galegas/os traballando en tarefas de cooperación. Case a metade deles están traballando en países do continente americano e outro 26 por cento en África. O 63 por cento deles son mulleres, e o 67 por cento están comprendidos entre a franxa de idade de 25 a 35 anos. Cómpre destacar que máis da metade destes cooperantes traballan ao servizo das ONGD, principais axentes da cooperación ao desenvolvemento. Agora ben, non todo é cantidade, o máis importante é que a calidade da cooperación sexa axeitada ás necesidades dos beneficiarios, ese é a finalidade.

Xornadas de Teoloxía XXV Foro Encrucillada



Santiago de Compostela
28, 29 e 30 de outubro de 2010.

Xoves 28 de outubro (Facultade de filosofía)

8:45: Presentación.
9.00: De mestre a mestre. No Ano Xubilar dun emérito ruibaliano.
D. Xosé Luis Barreiro Barreiro.
10.30: Nova posición do problema da Filosofía da Saudade D. Joâo Vila-Cha.
12.00: El problema del mal y la teodicea
D. Miguel García-Baró.
16.30: Filosofía e teoloxía da revelación.
D. Joâo Duque.
18.00: O compromiso de A. Torres Queiruga con Galicia.
Dna. Engracia Vidal Estévez e D. Xesús Ferro Ruibal.

Venres 29 de outubro (Facultade de filosofía)

09.00: Poder, autoridad y democracia en la Igrexa. D. Santiago Madrigal.
10.30: O problema do inferno. D. Alfonso Novo Cid-Fuentes.
12.00: O carácter persoal de Deus. D. Victorino Pérez Prieto.
16.30: O diálogo interreligioso. D. Afonso María Ligorio Soâres.
18.00: Sobre a resurrección. D. Giovanni Ferretti.
19.30: Creación e salvación. D. Pedro Castelao.
22:00: Visita nocturna á cidade.

Sábado 30 de outubro (Sala Mozart. Auditorio de Galicia)

9.30: Aperturas feministas da obra de Andrés Torres Queiruga. Dna. Gloria Viero.
11.00: La cuestión de la oración. D. Juan Martín Velasco.
12.30: A teoloxía de Andrés Torres Queiruga e a espiritualidade.
Dna. Mª Pilar Wirtz Molezún.
16.30: Pecado e perdón en A. Torres Queiruga.
Un cambio urxente e necesario na Penitencia. D. Ferdinando Sudati.
18.00: Palabras conclusivas. D. Andrés Torres Queiruga.
19:30: Clausura das xornadas.

Este ano, o Foro de Encrucillada convertiuse nunhas xornadas de teoloxía para homenaxear a Andrés Torres Queiruga no seu 70 aniversario. Releeremos o seu pensamento en tres días de reflexión e afondamento.
Hai dous xeitos de participar neste evento:
1.- matriculándose e asistindo aos tres días de xornadas. O ingreso haino que facer na conta CAIXA GALICIA 2091-0342-28-3040000681 (40 euros / 10 euros estudiantes) e enviar logo xustificante a arantxa.serantes@usc.es ou ao enderezo XXV Foro Encrucillada Travesa de Vista Alegre, 21 - 1ºC 15705 Santiago de Compostela
2.- asistir, coma todos os anos, só o sábado ao Auditorio de Galicia.
Contamos coa vosa presenza e apoio!!

Ás Furtadelas



O pasado 24 de xuño morría en Madrid José María Díez-Alegría, un dos grandes teólogos españois e escritor, á idade de 98 anos. Hai case unha década, Díez-Alegría falábanos xa do seu compromiso cos pobres, da importancia do diálogo e da súa relación coa Compañía.

O seu amigo Pedro Miguel Lamet sj escribía esta definición del tras a súa morte: "Escribir a súa biografía [Díez-Alegría. Unha xesuíta sen papeis (Ed. Temas de Hoxe] foi unha gran experiencia, pois ninguén pode negar que José María Díez-Alegría foi ao mesmo tempo valente e sinxelo, crente e crítico, rebelde e fiel, cordial e contundente, afable e molesto, demoledor e construtivo, anti-institucional e eclesial, poeta e intelectual, humorista e comprometido, non marxista e anti-anti-marxista, obediente e desobediente, intelectual e alcanzable, erudito e popular, maduro e enfant terrible, xesuíta e xesuíta (aínda que sen papeis), e sobre todo e nunha palabra, un home bo".

Reproducimos esta entrevista con el realizada hai case 10 anos no boletín InterVolpa de Entreculturas (Xaneiro 2001, núm. 14).

Vostede denuncia a idolatría do diñeiro e do consumo da sociedade capitalista. Que tarefa tócanos ante esta realidade?

Baixo un punto de vita cristián, desde o cristianismo ecuménico e aberto ao diálogo desde o que me sitúo, non se pode servir a dous señores, a Deus e ao diñeiro. A cobiza no diñeiro e o poder é causas de inxustiza e de insolidariedade. O Pensamento Único, a Globalización económica e de mercado queren unha humanidade montada sobre o afán de propiedade e de competencia. E cal é a nosa tarefa ante isto? Pois mira, cóntocho cunha anécdota que utilicei hai anos nunha conferencia: nos anos 60 descubriron que os tellados e bóvedas do Mosteiro del Escorial estaban en perigo de afundirse porque as termitas corroeran por completo as vigas. Entón eu dixen que nós neste mundo non podemos ser máis que termitas, pero hai que selo, cada un debe ser unha termita.

"Eu aínda creo na esperanza"

A través da súa reflexión e a súa vida transmitiu sempre a opción pola xustiza colocando aos pobres en primeiro lugar. Que acontecementos, que persoas, que comunidades conducíronlle a esa reflexión e ese compromiso?

En primeiro lugar, o descubrimento do Xesús real, o Xesús das Benaventuranzas que proclamaba "Benaventurados os pobres porque voso é o Reino de Deus", o Xesús ao que mataron por denunciar o afán de diñeiro, o afán de poder, a inxustiza contra os pobres. Por outra banda, antes de irme a Roma, eu colaboraba con José María Chairos no Pozo do Tío Raimundo, en Madrid. Despois de ter que deixar a Universidade Gregoriana funme a vivir ao Pozo. Alí vivín desde 1973 até 1985. E atopei algo que era difícil de achar na España de Franco: que un cura puidese falar de ti a ti cos proletarios, cos subproletarios, cos vencidos da Guerra Civil, con antigos sindicalistas que chegaran a estar condenados á morte...Todo iso axudoume a coñecer ao Xesús dos pobres.

E que lle ensinaron os pobres durante ese tempo?

Ben, como di tamén Gustavo Gutiérrez, aos pobres non hai que mitificarlos, son persoas, non hai por que idealizarlos. Pero si é certo que os pobres me transmitiron un sentido de paciencia, de realismo, de solidariedade. Eu vivín a transformación do Pozo dun barrio de casiñas baixas a un barrio de pisos. Eramos as mesmas persoas

pero algo se perdeu. O luxo, a riqueza, a abundancia ten algo que envenena. Por iso creo que hai que vivir con sobriedade, pero non unha sobriedade ascética, senón a sobriedade do que vive entre a xente, e se ten dúas túnicas, pois lle dá unha ao que non ten. Hoxe hai moitos mozos que descobren isto. En moitas ocasións, apártanse da práctica relixiosa, pero achéganse máis á postura do samaritano, á do que se detén xunto ao que sofre.

"Agora máis que nunca síntome en mans de Deus"

Vostede insiste e cre no diálogo entre crentes e non crentes, no diálogo interrelixioso e interhumano. Por que o considera tan enriquecedor e que bases son necesarias para facelo posible?

A Igrexa, fronte aos non cristiáns, necesita unha cura de humildade tremenda, porque existe a idea de que a Igrexa é a continuidade de Xesús e que por tanto, a Igrexa ten a dignidade que ten Xesús. Pero iso non é verdade. A Salvación de Xesús chéganos a través do Espírito Santo, non a través da Igrexa. E o Espírito Santo, que é o que actúa, pode chegar ao corazón sen necesidade de pasar polo cerebro. O Espírito, dinos San Xoán, é como o vento, que ouves a súa voz, sopra onde quere e non sabes de onde vén nin onde vai. Por iso onde queira que haxa xente que se achega ao próximo, hai un diálogo posible. Mateo lémbranos que no Xuízo Final se nos dirá: "Tiven fame e déchesme para comer, tiven sede e déchesme de beber", non se nos cuestionará pola fe nin a relixiosidade, senón polo amor.

Vostede reflexionou e viviu experiencias de conflito. É posible vivir no medio do conflito con paz e sendo fiel é ao compromiso?

En 1973 escribín *Eu creo na esperanza*. Vinte e cinco anos despois, a editorial pediume unha nova colaboración e escribín *Eu aínda creo na esperanza*. Ese toda vía ten moita carga. Escribino aos 87 anos e alí plasmo aquilo ao que cheguei na miña traxectoria vital e teolóxica. Pois ben, eu non son nada agresivo, e con todo nese libro escribo verdades como puños. Eu creo que non hai que buscar o conflito, pero non hai que calar a verdade para evitar o conflito. Iso é o que fixo Xesús. Pero Xesús foi tamén radical en defender o amor aos inimigos e o facer o ben aos que nos calumnian.

E cales son os signos desta Esperanza na que aínda cre?

Pedro Casaldáliga, nunha mensaxe que nos enviou para un dos Congresos de Teoloxía da Asociación de Teólogos e Teólogas Xoán XXIII, comentaba que os cristiáns do futuro ou serán pobres ou identificados vitalmente cos pobres, ou non serán. Ben, pois todo aquilo que vai supondo un paso na identificación cos pobres, é un signo de esperanza. Estes mozos que van ao Terceiro Mundo, por exemplo, aínda que despois non aguanten un sermón. Ademais, a miña fe na Resurrección non exclúe a ninguén. Creo en que Xesús resucitou yen que resucitarán os pobres, os oprimidos, os esmagados... Creo en que Monseñor Óscar Romeu resucita. Eu, pois supoño que tamén, pero se non, prefiro que resuciten eses, a min xa me deron bastante, porque fun moi feliz no medio de todas estas aventuras.

O noso voluntariado leva o nome de Pedro Arrupe e gustaríanos que, para terminar, dixésenos unha palabra sobre el.

Cando eu era estudante encariñeime moito coa misión do Xapón e trabei amizade con Arrupe desde a época na que el era Provincial de Xapón. Logo, cando se armou toda a lea do libro, nunca perdemos a amizade. O conflito non viña por el. E desde logo, eu vivín ese asunto cun ánimo sumamente amigable. Arrupe sufriu moito porque o Vaticano vía mal que el non condenase a Teoloxía da Liberación. El, que era unha xesuíta cun forte sentido da obediencia, convenceuse de que os teólogos da liberación tiñan razón, sobre todo despois da súa visita a Centroamérica. No medio da súa enfermidade, dixo ás xesuítas: "Agora máis que nunca síntome en mans de Deus". E iso é unha cousa moi profunda. Eu, modestamente, nisto vivo unha coincidencia con Arrupe. Vivín todas as leas sentíndome en mans de Deus.



O noso taboleiro



Paso a paso de alento e de tenrura
Pedra a pedra no mundo a nosa casa

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas-Exeria e Asoc. Encrucillada

querémosvos convidar, o próximo o 22 de outubro,
ás 20:ooh, no Teatro Principal de Pontevedra,

á homenaxe que imos reder a

Engracia Vidal Estévez

por toda unha vida de fe e a galeguidade.

Neste acto presentaremos o libro
Engracia Vidal Estévez. Profecía de fe e galeguidade

Ao rematar, cearemos con Engracia nun restaurante cercano. Quen queira asistir á cea deberá ingresar 24 euros na conta 2091-0500-11-3040045071 (CAIXA GALICIA) e comunicarllo a Elvira Santos (elvisantos@terra.es ou no Tfno 606730206) antes do 15 de outubro

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15705-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL:. . . . . CONCELLO OU CIDADE:. . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O: 3 € ❑
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 € ❑
De apoio: 36 € ❑ Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: **60 € ❑**

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En .... a ..... de ..... de 200__.
Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
BBVA 0182-0267-15-0207905484



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia / http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



O ECO

Camiñando polos lindeiros, facendo camiño onde non hai "entre Samaría e Galilea", nos "confíns", na fronteira, delgada liña, é onde todo pode acontecer. Como di a famosa cantiga, "véxote andar polos camiños", como se neles vivises, Xesús! No camiño déixaste atopar por quen tamén anda fora do mapa, por eses "gafos" que nin a ti ousan achegarse e que falan contigo a berros para salvar distancias imposibles.

Esta escena soa a berros que rachan a paz luminosa do camiño, que rachan o corazón porque saen de dentro das chagas máis temibles, as que non curan con nada e nos deixan na soidade máis moura, se cadra con algúns máis coma nós que tamén andan doentes, pero sós, soas ao fin. Logo esa orde que lles dás, de marchar onda os sacerdotes... A que? Adoitabas mandar ao templo a quen ficaba curado pero estes marchan sen curar. De feito, curan no camiño e a piques estivemos de non sabelo. Hoxe diríase que só volveu un 10 % para dar as grazas e desobedecendo ordes, claro que era un deses negratas/samaritanos sen papeis que nada tiña que perder.

O que parece un erro de guión (por que agardar que volvan se os mandaches ao pé dos sacerdotes?) faise camiño de aprendizaxe. Aquel foi quen de acoller o xesto liberador que sanda todo o ser, para erguerse e ir andar o seu camiño en liberdade. Desobedece para mellor obedecer. Ter valor para achegarse a ti coas chagas abertas, para lerte entre liñas, Mestre, e albiscar a liberdade nun chiscar de ollos teus, logo dar "grandes voces" para dar grazas, grazas sempre e sen descansar.

Christina Moreira

A PALABRA

.DOMINGO 10 DE OUTUBRO. 28º DO TEMPO ORDINARIO

Lc 17, 11-19

Indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, e dando voces suplicáronlle: "Xesús, Mestre, ten dó de nós". El, ao velos, díxolles: "Ídevos presentar aos sacerdotes". E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ao se decatar de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. E, prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo: "Non foron dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?" E engadiu: "Érguete e vaite: salvoute a túa fe."

A CLAVE

Continuamos, seguindo a Lucas, o camiño que leva a Xesús e aos seus discipulos/as cara a Xerusalén. Á altura de Samaría achéganselle 10 gafos, é dicir, persoas impuras para a relixión xudía, o que neste tempo viña a supoñer a exclusión e a marxinación social. E nesta pasaxe, que algúns autores consideran moi próxima a unha parábola, Xesús aproveita para falar da fe e da gratitude, dúas actitudes claves dese camiño que está a percorrer: facer presente o Reino de Deus.

Tense insistido no papel protagonista dos gafos no discorrer da acción: o eixo do relato non está tanto nun milagre de Xesús, senón como el mesmo indica é a fe do gafo quen o salvou, unha reafirmación da capacidade transformadora da fe. Unha fe que non é restritiva duns elixidos, nun grupo social privilexiado, senón que está aberta a quen a acolle e actúa en consecuencia. E como era unha constante en Xesús, isto debeu ser chocante para o seus oíntes, por situares como modelo de seguimento no Reino ao que menos se agardaba, ao que a propia relixión oficial sinalaba coma impuro, un samaritano. Mais o samaritano, lonxe do ritualismo relixioso xudeu, entende vitalmente o sentido último do seguidor de Xesús: contra a fachenda de quen se consideraban o pobo elixido, entende a gratuidade do don da fe, ante o que non lle queda máis que expresar humildemente toda a súa gratitude.

José A. Martínez

Falando da lingua No outono, de ruta por Galicia…

Lidia e Valentina

Martiño di que papá di *faio* e mamá *faiado* , e papá di *abrulas* e mamá *clocos*, e papá di *pícaro,tu, pantalós* e *irmao* e mamá di *neno,ti, pantalóns* e *irmán*, e mamá di *jato*! Ás veces di que mamá di mal e outras veces seica é papá. Papá é do norte de Lugo e mamá do sur de Pontevedra. Tamén di que os nenos do seu cole din caja, leche, manzana, hoja , pero isto parece que xa o vai entendendo, xa hai que Martiño ten claro que aquí na nosa terra hai dúas linguas e, polo de agora, vai falando algo das dúas. Agora os seus pais andan niso de explicarlle que en Galicia, segundo a zona na que vivas, ás veces algunha cousa dise dunha maneira ou doutra, aínda que todo sexa galego, e que o mesmo pasa co resto das linguas do mundo. Parece que o vai entendendo, e resúltalle interesantísimo! Todo isto vén sendo, en palabras maiores, a dialectoloxía, pero parécenos moita palabra para Martiño.

No número pasado xa falamos de dialectoloxía, do xeito de falar das xentes que son da zona na que se celebra a Romaxe. A dialectoloxía analiza as variantes xeográficas, as que se producen nunha lingua segundo o lugar no que se fale. Acordádesvos daquilo dos bloques que vos contamos o outro día? Martiño vive no bloque occidental, nunha zona de seseo e gheada onde cada vez se fala menos con estas características, porque se segue pensando que son trazos incorrectos. E iso non é certo! Vémonos na obriga de repetir por enésima vez que o seseo (dicir: sapato, des, lus, sinco) e mais a gheada (ghato, ghasolina ou Ghuadalupe) son totalmente correctos na fala. E dunha vez que veñen de rematar as festas da Guadalupe de Rianxo, a onde se cadra fostes algúns de vós, queremos



facer unha aclaración: a gheada non é o mesmo son ca o do "j" castelán, aínda que soen parecidos. O fonema da gheada é máis aspirado e cando se transcribe débese facer con "gh" e non con "j". Dicímolo porque se andastes pola vila de Castelao, se cadra vistes as camisetas das peñas das "juadalupeñas" escrito así con "j" como unha forma de identidade, aínda que logo na fala cada vez a xente nova use menos con gheada.

E coas festas da Guadalupe e moitas outras que se celebraron neste mes de setembro, despedimos o verán e comezamos o outono, tamén rico en festas. En pouco tempo chéganos *San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas, pouco me duras!*

O Fachineiro de Xabi

Lingua e imperio

O lector deste recullo (moi agradecido, Xosé Lois, sei que segues aí) virá comprobando unha certa causticidade ao longo do último ano de fachineiros que, ademais, foron monográficos sobre lingua. Non debe ser atribuíble á predisposición xenética senón máis ben a causas esóxenas coas que batemos cada día e porque o realismo conduce á melancolía. Vemos no lado escuro como o goberno do equilibrio lingüístico xa pode presumir de que o 88% dos nenos e nenas das cidades teñan as súas clases en castelán: obxectivo



conseguido. Porén, hoxe toca ollada esperanzada. Non pode ser doutro xeito se miramos o home este da foto: traballador impermeable ao cansazo, parece ter o don da ubicuidade, adepto ao sorriso, sabe aínda sacar tempo para estar atento aos problemas dos que ten a carón. Non queda outra: dentro de 40 ou 50 anos haberá que clonalo. Hai persoas que valen un imperio -repárese, por exemplo, nas arriba asinantes- e este é tamén o caso de Xabi. Nel, xa que logo, a lingua é compañeira do imperio. Graciñas, Xabi.